**SALON DE ACTOS DO COLEXIO LA SALLE**

**VENRES, 5 DE DECEMBRO DE 1980**

**AS 8 DA TARDE**



# MESMO SEMELLABAN BRUXAS

**RETABULO TRAXICO DE MEIGAS E INQUISIDORES**

**(Premio Ateneo Ferrolán)**

**DE**

**AGUSTIN MAGAN**

**POR**

**TEATRO DE CAMARA**

**DITEA**

**ESTREA CONMEMORATIVA DO XX ANIVERSARIO DA SUA FUNDACION**

**COA COLABORACION DO MINISTERIO DE CULTURA**

Sin herexes, notorios ou encobertos, e sin relapsos na xudería das terras do Avia que levaren a fogueira, os inquisidores galegos adicaron todo o seu extremado debezo pescudador a caza de bruxas. E como na nosa terra eran chamadas bruxas todas as persoas sospeitosas de algún sinistro, velaí que bruxa era a muller que lle facía mal a outra, a que miraba de reollo, a que saía de noite, a que bocexaba de día, a que andaba tristeira, a que ría a gargalladas, a disipada, a devota, a medoñenta e a valente. Moito onde pescudar.

De xeito que polo Tribunal da Santa Inquisición de Santiago foron proceсadas por meigas i entregadas ao tormento, onda non as chamas, mancheas de probes mulleres vítimas da sobexa credulidade dos xueces que recebían as denuncias e da moita necedade nos delatores e testemuños xenerosamente pagados polo Santo Oficio. Sin faltaren tamén xuícios orixinados pola fatuidade dos mesmos que eran tratados como delinquentes.

Non se rexistra na Historia suceso tan enigmático i escuro coma o proceso de bruxas.

Anque algúns dos feitos relatados neste retábulo son verdadeiros, o autor atribúelles aos seus protagonistas vidas, nomes i expresións de enteveada. Outros personaxes son puramente imaxinários e os seus actos e comportamentos enteiramente ficticios.

## Mesmo Semellaban Bruxas

**INTERPRETES:**

| | |
|---|---|
| **Frei Matías Boado** . . . . .<br>Monxe agostiño | Ramón Valiño |
| **Frei Rufino Campos** . . . . .<br>Fiscal do Santo Oficio | Xosé A. de la Fuente |
| **Frei Caitano Mondelo** . . . . .<br>Inquisidor Xeral de Galicia | Xosé Rey |
| **Xila** . . . . . . . . . . .<br>Noiva de Corecho | Encarna Domínguez |
| **Corecho** . . . . . . . . . .<br>Estudante | Francisco Cereijo |
| **Xacobe** . . . . . . . . . .<br>Estudante | Miguel Bugallo |
| **Muller 1.ª** . . . . . . . . .<br>Veciña da Angustia | Uxía Fernández |
| **Muller 2.ª** . . . . . . . . .<br>Veciña de Bonaval | Matuxa Tarrío |
| **Aguacil 1.º** . . . . . . . . .<br>Do Santo Oficio | Evaristo Pereira |
| **Aguacil 2.º** . . . . . . . . .<br>Do Santo Oficio | Alfredo González |
| **Mociña** . . . . . . . . . .<br>Arramada | Pilar Feáns |
| **Frei Gonzalo de Acevedo** . . . .<br>Xuez Inquisidor | Xesús Seage |
| **Frei Manuel Andrade** . . . . .<br>Xuez Inquisidor | Xurxo Fernández |
| **Don Pedro Lamas de Tronceso.**<br>Letrado Defensor | Manuel Amenedo |
| **María Piñeiro** . . . . . . . .<br>Bruxa | Lucrecia Carril |
| **Rosa Rodríguez "A Tola"** . . .<br>Bruxa | Pilar Lorenzo |
| **Escribán** . . . . . . . . . .<br>Confesor do Santo Oficio | Andrés Hernández |
| **Bispo** . . . . . . . . . . .<br>Ordinario da Inquisición | Xesús Reboredo |
| **Avelina Seara** . . . . . . . .<br>Bruxa | Encarna Domínguez |
| **Manuela Rosende.** . . . . . .<br>Bruxa | Uxía Fernández |
| **Andrea Solleiro** . . . . . . .<br>Endiañada | Pilar Pereira |
| **Xuez Letrado** . . . . . . . .<br>Do brazo secular | Antón Casal |
| **Verdugo** . . . . . . . . . .<br>Do brazo secular | Francisco Cereijo |

**"CRUCE SIGNATUS" da Cofradía de San Pedro Mártir.**

**Os feitos teñen lugar na Compostela do século XVII.**